


REVISTA
ESCOLAR



9

Picuri



C.P.i. VIRXE
DA SALETA

nº 8

Curso 2010/2011

ÍNDICE

- 3 **Editorial.**
- 4 e 5 **Clara Campoamor: unha muller, un voto.**
- 6 a 9 **O MONSTRO DE GÈVAUDAN**
por ADRIÁN SOUTULLO MATO 4º ESO. (OBRA GANADORA DO CONCURSO DE RELATOS DE MEDO, SAMAÍN 2010).
- 10 a 21 **A revista de Infantil.**
- 22 e 23 **Letras 2011. Lois Pereiro.**
- 24 **Somos fillos de Balbino.**
- 25 **Queremos estudar en paz.**
É asunto de todos.
- 26 e 27 **Que queres ser de maior?**
- 28 e 29 **Xornadas de Interculturalidade.**
- 30 **La experiencia como una emigrante adolescente.**
Sara Abrigo Guamán.
Cómo afrontar nuestro futuro. José Luis Otero Rozas
- 31 **Soñei que... 3º Primaria.**
- 32 e 33 **Origami, unha técnica milenaria.**
- 34 e 35 **O recanto das ciencias: Galiciencia, 2011.**
- 36 e 37 **BANDA DESEÑADA: Blanca no reino pantasma. 5º Primaria.**
- 38 e 39 **Algas e fungos. 5º Primaria.**
- 40 **O ANIVERSARIO.**
Por David González Gómez.
- 41 **A ÁRBORE DA GUERRA**
- 42 e 43 **Coplas dos maios. 4º Primaria.**
- 44 **Unha fin de semana cos amigos. 6º primaria.**
- 45 **Historia de lobos.**
por Mª José Aranguren e Celia Rita Otero (4º Primaria). (Historia gañadora do concurso de contos de medo do Samaín 2010).
- 46 e 47 **O CLUB DE LECTURA.**
- 48 **Entrevista a David Jolivet.**
- 49 **O noso paso polo CPI VIRXE DA SALETA.**
- 50 a 52 **E para este verán...**
- 52 **Pipo o Paxariño. 1º de Primaria.**
- 53 **O xardín. Alicia Nogueira Blanco, 2º Primaria.**
- 54 **Alumnos que se van... E outros que veñen. 2º Primaria.**
- 55 **QUE BONITA É A LÚA DE CEA!!**
- 56 **Contraportada.**

EDITORIAL

O curso 2010-2011 para os alumnos de 4º da E.S.O., foi un ano cheo de emocións e sentimentos, porque sendo este o seu último ano no centro, tiveron que comezalo cunha mala noticia para eles; e para todos, claro está. O C.P.I Virxe da Saleta, sufrira un gran incendio... Un golpe duro, e que ninguén se esperaba.

Polo demais non foi unha etapa difícil. Como en todos os cursos, a algúns faríasele máis costa arriba, pois ano tras ano avanzamos, e polo tanto, aumentan as dificultades; pero con esforzo e traballo diario, sácase sen o máis mínimo problema.

Este ano tivemos moitas xornadas de aprendizaxe. De sexualidade; sobre o perxudiciais que son as drogas e o alcohol; internet e redes sociais; charlas de Interculturalidade...e por suposto non podemos esquecernos das Xornadas de Formación Profesional, nas que contamos coa presenza de persoas que adicaron a súa vida a aquilo que lles gustaba, ou que, polo menos, intentaron día a día mellorar a súa situación.

Outra das actividades interesantes nas que participou o C.P.I Virxe da Saleta, foi na Galiciencia, na que moitos alumnos da Secundaria colaboraron, levando a cabo un custoso e laborioso traballo e esforzo, pero que, sen dúbida algunha, mereceu a pena.

O curso de 4º, traballou moito tamén na materia de Lingua Castelá. Coa axuda do profesor, organizaron un Simposio de Xoves e Medios de Comunicación, investigando e invitando a expertos neste tema.

O C.P.I Virxe da Saleta, este ano, a pesar dos graves problemas que sufriu a principios de curso, soubo saír adiante, e non deixou e ningún momento de festexar datas importantes cos seus alumnos. Claros exemplos son o día do Entroido 2011: O entroido dos Pobos de Cea; o Día da Árbore; o Correlingua; o Día Das Letras Galegas; o Día da Paz... momentos nos que tanto alumnos como mestres, gozamos xuntos.

Despois de máis de 10 anos, aos alumnos de 4º da E.S.O tócalles deixar este centro e comezar unha nova etapa das súas vidas noutro lugar diferente. Mellor ou peor, quen sabe, pero algo está claro: é que en ningún lugar deixarán tantos recordos coma no C.P.I Virxe da Saleta.

Por todo isto e moito máis, fixemos como noutros anos atrás a Revista "O Picurí", onde quedarán todos os recordos de tantos e tantos alumnos e alumnas que pasaron por este centro, para que por moitos anos que transcorran, todos estes recordos non saian da nosa memoria, e podamos lembrar con ledicia todos os maravillosos momentos que pasamos no C.P.I Virxe da Saleta.



UNHA MULLER, UN VOTO.

Este ano, con motivo da celebración do día da muller trabaladora, os alumnos de 4º de ESO viron a película "Clara Campoamor, la mujer olvidada". Estes son algúns dos artigos que publicaron na web do colexio, coas súas reflexións. Seguro que vos parecen moi interesantes, e vos animan a coñecer a historia desta muller excepcional.



AS MULLERES NO MUNDO LABORAL

Eduardo Fdez. Díaz 4º E.S.O

Hoxe en día no n é difícil atopar unha muller traballando de médico, de oficinista, de mestra, nalgún taller mecánico etc. O que hoxe non nos parece raro, senón todo o contrario, é o máis normal do mundo, aínda non hai 50 anos era case un delito.



A muller só servía para casarse, ter fillos e levar o nome de Sra. de... Pois para que este gran cambio se producise, fixo falta moito tempo, moita loita e mulleres con principios e ideais que loitasen polo que creían como Clara Campoamor.

Esta muller é un gran exemplo de sacrificio, de traballo, de loita... entre outras admiracións. Tivo que enfrentarse a moitos homes só para conseguir o voto da muller, e mesmo á súa familia, porque pensaban que debía casarse e deixar de ser deputada. Pero... se esta muller lle fixese caso á súa nai, ¿seríamos iguais hoxe en día homes e mulleres? ¿Conseguirían as mulleres afastarse da gran represión na que vivían?

Eu penso que non, por iso esta muller foi unha grande heroína para todas elas e para todas as institucións femininas.

¿Por que unha muller non vai poder votar? ¿Por que non vai decidir o que pensa? Neste tema houbo unha gran evolución, pero aínda quedan algúns matices nesta sociedade tan evolucionada que debemos de eliminar.

As mulleres son coma os homes, por iso teñen que gozar dos mesmos dereitos, e son libres de pensar o que queiran, coma nós.

LA MUJER OLVIDADA

Lucía González 4º ESO

En esta película se pueden apreciar muchos detalles de la sociedad de aquella época, de la mentalidad, de como trataban a las mujeres. Algo interesante es el personaje del periodista. Este tiene un cambio de ideas medida que transcurre la película. Al principio podemos decir que era "machista", no le daba importancia al voto de la mujer. Es más, jugaba con todas ellas, no quería nada serio y estaba siempre dándole largas a mujeres bonitas. Hasta se enfada al saber que va a tener que encargarse de escribir sobre lo que estaba pasando en política con la mujer. Pero conoce a Clara, ella no era el prototipo de mujer joven y bonita ni mucho menos, pero era inteligente, una mujer con ideales, era diferente. Y creo que Clara Campoamor hizo cambiar la mentalidad del periodista. Clara y el amor que acabó surgiendo entre los dos. Todas estas cualidades de ella acabaron enamorando al periodista sin darse cuenta. Y se dio cuenta de que el voto a la mujer era lo mejor. Al final no le gustó la idea de que lo fuesen a trasladar, que era lo que quería antes, pero era antes de sentir lo que sentía por Clara. Aquello era Amor.



Todo lo contrario era lo que sentían los demás diputados. Muchos de ellos a pesar de estar casados trataban a sus mujeres como si fuesen trapos.

No querían la igualdad, no querían derechos para ellas. Les decían que ellas solo eran sentimientos, no eran sensatez. Para ellos eran histéricas que producirían una crisis cada mes. Si estos hombres tenían una mujer como esposa o como pareja, ¿les querían?. Porque atentando de esa forma contra las mujeres, creo que en su corazón no hay sitio para la palabra "Amor".

EL AJUAR DE LA NOVIA

Daniel Dacoba 4º ESO

Encajes, puntillas, toallas, sábanas, colchas... Muchas noches en vela cosiendo y bordando... Clara Campoamor no se quiso casar y todo el ajuar que tantas horas había tardado su madre en confeccionar quedará inutilizado. La madre aprovecha ésto

para hacer c h a n t a j e emocional a Clara, le dice que es una pena que nadie use todo eso y que se acabará estropeando. Después de-

lante de ella le ofrece (casi sin pedir demasiada opinión a Clara) a su nuera todo el ajuar, ya que es la que se casará pronto.

Con este simple detalle entendemos aun más la educación que se le daba a las mujeres hace no demasiados años. Se las educaba para que se casasen, desde pequeñas ya veían a su madre bordando para su futuro matrimonio. Hoy en día eso parece impensable, ¿cómo vamos a estar confiados totalmente en que una niña se va a casar? La mujer de hoy ya no tiene la necesidad de casarse, puede vivir soltera toda la vida y no será mal vista, aunque por parte de algunas personas encontramos cierta insistencia en que se casen. Parece mentira que alguien pudiese jugar un poco con los sentimientos, y más cuando es de madre a hija, diciéndole con cierta ironía si hay boda a la vista. A pesar de todo lo que logra y consigue Clara, se valoraba más que se casase y se dedicase a lo que por aquel momento eran "cosas de

mujeres" antes de que luchase por sus derechos y por los de todas las mujeres.

Clara fue totalmente adelantada a su tiempo, no le importó estar soltera, no vestirse como el resto de las mujeres ni dedicarse a algo más que a su hogar.

CLARA CAMPOAMOR

Jose Manuel Freijedo 4º ESO

Para conmemorar o día da muller traballadora vimos na clase de informática unha película protagonizada por Clara Campoamor. Nesta película refléxase perfectamente o traballo e o esforzo dunha muller que loitou polos seus dereitos, e en especial polo sufraxio universal. Clara representa o esforzo e a loita, aínda que non o tivo fácil ante as continuas acometidas dos seus rivais e dos compoñentes do seu propio partido. Pensa-

ban que a muller só tiña sentimentos e polo tanto non beneficiaría a República. Os republicanos crían que as mulleres estaban influenciadas pola igrexa e como esta era de dereitas poderían prexudicalos. Na miña opinión os repu-

blicanos deberían ter en conta as opinións das mulleres para acadar unha sociedade estable na que non houbera desigualdades. A miña última conclusión e máis salientable é que Clara antepuxo os seus principios á súa propia familia e seguridade, xa que cando remataron as votacións e estallou a Guerra Civil foron perseguidos todos os republicanos e isto obrigouna a exiliarse. Non se preocupou por ela mesma senón por todas as mulleres.



**SIN MUJERES,
NO ES DEMOCRACIA**



O MONSTRO DE GÈVAUDAN

ESCRITO POR: ADRIÁN SOUTULLO MATO 4º de ESO.
(OBRA GAÑADORA DO CONCURSO DE RELATOS DE MEDO, SAMAIN 2010)

1ª Parte Comeza o inferno

O terror existe dende tempos inmemoriais, dende que o home é home. O terror evoluciona. Terror a un depredador, ao sobrenatural, á morte.

O terror, foi o que se desatou nun pobo do sur francés. O pobo chamábase Château-le-horreur. O nome caíalle que nin pintado. Todo comezou nese pobo que actualmente -no ano de 1766- non existe practicamente, só unhas ruínas.

O estado do pobo en 1764, cando todo comezou era parecido. Comecemos coa historia.

Corre o 29 de xuño de 1764, e unha rapaza chamada Jeanne

Boulet, de catorce anos, viña de buscar pan ao pobo veciño de Hubacs, e de regreso ao seu pobo, Gèvaudan, comezou a chover e a tronar. Como Jeanne era moi propensa a collar catarros, e cando os collía, dificilmente os apeaba, decidiu utilizar un atallo. O atallo non era outro que o camiño que conducía ata Château-le-horreur, e que despois seguía ata Gèvaudan.

O camiño estaba practicamente invadido pola maleza. Correndo, correndo, Jeanne chegou a Château-le-horreur. Todo era moi tétrico.

O pobo abríase en dous para que o visitante pasase pola rúa principal ata chegar todo recto á igrexa.

Pola dereita e pola esquerda, había casas derruídas, comidas literalmente polas hedras e silvas, e os tellados só se adiviñaban por algún rastro de vigas de piñeiro que dentro de pouco, podreecerían sen remedio. Nunha desas casas, a primeira pola dereita, había un cartel que poñía: Château-le-horreur.

Jeanne andou e andou ata toparse coa igrexa. A igrexa era medianeira, con contrafortes e un arco na fachada. Había dous chanzos

para acceder a unha porta de madeira con bordes de ferro e con cravos negros. O arco da igrexa contiña gárgolas e caveiras, digamos que non era unha igrexa moi acolledora. No medio da fachada había unha pequena abertura onde se adiviñaba unha figura de san Bartolomeu, co demo debaixo dos seus pés. A imaxe cuberta de musgo na súa metade era moi fantasmagórica. A igrexa remataba en triángulo dividido na súa parte baixa en dous arcos por unha columna. No arco da dereita colgaba unha pequena campá sostida aínda por un eixe de ferro, pero a campá do arco da dereita, non estaba colgada, o xugo podrecera e a campá estaba agora na base do arco. Por detrás do campanario había un balcón, polo cal debería acceder a xente para repicar as campás nos días de festa. O triángulo do campanario remataba nunha enferruxada cruz.



A sorte sorriulle a Jeanne cando descubriu que unha das fortes follas da porta estaba media derrubada. Jeanne entrou no templo e a súa sorte quedou sentenciada.

O que viu na igrexa, sentenciouna... a morte.

Do teito da lóbrega igrexa, había pendurada unha corda, e no extremo da corda estaba pendurado un home, un aforcado, un cura. O cura de Château-le-horreur. O sacerdote estaba en avanzado estado de descomposición, e os fluídos do corpo formaran un charco aos pés do cadáver que agora xa callara formando unha masa pestilente e de cor verdoso salpicado de líquidos negros e vermellos. O cadáver conservábase tan "ben" polas correntes de aire da igrexa que, se non, só habería unha corda e un montón de ósos. debaixo do corpo unha caixa de latón.

Jeanne abriu a caixa e viu o seu contido: unha mata de pelo e un caderniño. A mata de pelo parecía de animal, era negra e moi dura. O caderniño era un pequeno diario, que comezaba así:

DIARIO DE PETRE CHANÇON, PÁRROCO DE CHÂTEAU-LE-HORREUR.

13 de setembro de 1763- Debido aos estraños sucesos acaecidos neste humilde pobo, vinme na obriga de comezar un diario no cal expoña o que pasa todos os días neste pequeno lugar.

Todo comezou fai unha semana. Unha casa da nosa tranquila aldea foi adquirida por un señor moi maior que desexaba retirarse da vida apresurada e vir pasar aquí, a Château-lehorreu, os días que lle queden de vida. Adquiriu unha das casas máis grandes do pobo. A casa que comprou era en realidade un pequeno casarío-pazo do cal deriva o nome do noso pobo. Resulta que nese pazo se aparecían pantasmas, as cales acabaran coa vida dos anteriores propietarios.

O caso era que este ancián, sabendo ou non ao que se enfrontaba, comprou a casa, e canda ese ancián veu o terror, o medo e a morte. No pobo rumoréase que este ancián trouxo consigo un can moi grande, quizá un mastín, pero de momento, ningún veciño viu o can. Como dicía, todo comezou coa chegada deste personaxe.

Onte deuse a primeira desaparición, a do panadeiro. Fora por leña ao monte, e non regresara, hoxe topárono no medio do monte, esnaquizado non por coitelos, senón por dentes, dentes de animal. Dáme a sensación de que esta non será a primeira nin a última vítima.

15 de setembro de 1763- Entre onte e hoxe sucedéronse dúas desaparicións máis, unha por día. Cando toparon os corpos e os compararon co do panadeiro, sorpresa, o mesmo asasinio, os mesmos dentes, o mesmo animal...

22 de setembro de 1763- Nestes días non puiden escribir neste diario xa que estiveron organizando batidas para dar co animal, seica un lobo... De momento, o único que topamos foron lobos, pero os dentes non coincidían cos dos corpos. Está claro que sexa o que sexa, non é un lobo...

26 de setembro de 1763- Isto é de tolos. De 100 veciños que eramos, só quedamos 75. O monstro segou 25 vidas en apenas quince días. A situación é desesperada, xa ninguén se atreve a ir só fóra do pobo. Cada vez que hai que ir por pan a Hubacs, fórmase unha patrulla de quince homes armados con coitelos de caza e arcabuces, serven de escolta. Non sei como acabará todo isto. Unha pequena observación: o velliño que comprou o pazo non saíu en todo este tempo da súa casa, non hai luces, é como se a casa continuase sen dono.



30 de setembro de 1763- O monstro é cada vez máis sanguento, os homes da escolta morreron, no pobo só quedamos mulleres, nenos e anciáns. Non temos quen nos protexa. Que Deus nos asista.

2 de outubro de 1763- Onte, o monstro deu outro dos seus sanguentos golpes. Todos estaban nas súas casas, menos unhas cantas vellas, nenos e mais eu que estabamos na misa, cando o monstro entrou ao pobo. Non o puidemos ver, pero entrou a todas as casas, e matou a quen nelas estaba, só sobrevivimos aqueles que estábamos na igrexa. É como se non puidese entrar ao edificio sacro. Por certo, non temos noticias do vello do pazo.

8 de outubro de 1763- Estou só. Todos morreron menos eu. O monstro entrou ás súas casas e matounos, as casa están cheas de sangue, é horrible. Collín uns cantos víveres, e atrincheireime na igrexa.

9 de outubro de 1763, noite- Continúo na igrexa, o monstro está arrabuñando e golpeando con moita forza a porta do templo. Penso resistir, non me vou dar por vencido, pero na miña cabeza ronda unha pregunta: Ata cando poderei aguantar?

10 de outubro de 1763- O monstro continúa a golpear a porta da igrexa, e eu continuo nela. Os víveres escasean. Outra pregunta sumouse á que tiña antes na cabeza: Que sería do vello do pazo?

12 de outubro de 1763- Alá foron todos os meus víveres, non sei ata cando poderei resistir. O monstro aínda segue a espreitar. Continúa petando na porta, vou volverme tolo!

13 de outubro de 1763- Téño todo previsto, voume matar. Vou acabar con isto. Espero que Deus mo perdoe e me acolla no seu seo.

Entón acábase o diario. A fin do cura quedaba á vista...

Daquela, Jeanne, decatouse de que parara de chover, e decidiu ir ao pazo do misterioso vello. Todo estaba cheo de po, e os escasos mobles cubertos con sabas cheas de mofo. As paredes do salón, estaban "pintadas" con mans de sangue, como se alguén untase as mans nunha gran ferida e pasara as mans por todas as paredes.

Foi entón cando por unha das tres ventás do salón entrou o monstro e...

2ª parte Revelación mortal

DIARIO DE FRANÇOIS FOCH:

29 de xuño de 1764- Chámome François Foch, son o xendarme de Gèvaudan. Onte ti ven un soño moi raro, mellor dito un pesadelo moi raro, ou era unha visión?

Onte á noite, cerca das doce da noite, aparecéuseme no meu cuarto. Era unha rapaza de máis ou menos catorce anos. Todo o seu corpo estaba enchoupado de sangue, e había partes da súa cara que parecía como se llas arrancaran.

Acercóuseme, e dixo:

-Ven a Château-le-horreur, ao pazo maldito... se non vés, matareite.

Inmediatamente de se ir a visión, collín a guereira, as botas e o cabalo e puxen rumbo a Château-le-horreur.

Cando cheguei ao pazo do pobo fantasma, e cando cheguei ao salón, vin o corpo feble dunha rapaza, da rapaza que se me aparecera uns minutos antes na miña habitación, era Jeanne Boulet.

Miña avoa tiña falado del, do monstro. Tan pronto vin o escenario co cadáver descarnado de Jeanne, comprendino. Tratábase do monstro de Gèvaudan. Miña avoa xa me dixerá que tarde ou cedo volvería, volvería para matar e sementar medo, terror e morte.

Teño que me poñer en contacto co rei, só el e os seus dragóns poden facer algo, e aínda así dubido que ese monstro poida morrer...

3ª parte Monstruoso final

Xa é de noite. Fóra chove, chove moito, chove demasiado. Cada pouco tempo, os cristais da igrexa parece que se van romper en cachiños cada vez que un raio cruza o ceo. Ademais, os tronos entran polos cristais e proyéctanse nas paredes frías e pétreas da igrexa, o noso cuartel.

Fóra, a noite. A noite escura. A noite sen estrelas e cunha gran e imponente e á vez misteriosa lúa chea. A noite imponse cun silencio sepulcral. Nin un mínimo ruído. Só as gotas caindo contra o cristal. Un compás que non coincide cos nosos corazóns que bombean o noso líquido vital e tan prezado a unha velocidade vertixinosa.

É increíble que nun pobo como Gèvaudan, ninguén estea fóra nestes momentos, nin tampouco haxa ruído, nin luces nas casas. Todos os habitantes de Gèvaudan, están ó lado do lume nas súas cociñas. Cean co crepitar das chamas. Cean ás escuras. Cean con medo. Cean con terror. Levan ceando con terror durante tres duros e longos anos. Hai algo moi raro no ambiente. En todo o pobo flota un olor moi raro no ambiente. No pobo flota o olor do medo, o olor do terror.

Os ollos son o espello da alma. Calquera que mire aos ollos a calquera habitante de Gèvaudan, pode detectar o medo, o terror. Nós non somos a excepción.

Teño medo. Temos medo. Temos moito medo. Todos sabemos que vamos a unha morte segura. Se nos enfrontamos a el, morrерemos todos, e se non nos enfrontamos a el, terémonos que enfrontar a un consello de guerra co que acabaríamos fusilados no paredón. Non sei se é mellor morrer fusilado ou morrer a mans dese monstro.



Pero non nos vaiamos polas ramas, empecemos a historia dende o principio.

Todo comezou en Gèvaudan, na parte centro-meridional de Francia. Dende 1764 ata o tempo que nos ocupa, véñense dando unha serie de casos a mar de estraños. Os casos compóñense de asasinatos de persoas, en especial mulleres e nenas, as cales aparecían decapitadas.

Antes de continuar con esta terrorífica historia, presentareime. Chámome Monsieur de Hamel, son sarxento dunha tropa de Dragóns - as forzas de choque reais- do exército da súa maxestade Luís XV. Eu e as catro compañías de cabalería que comando fomos destacados na poboación de Gèvaudan polo propio Luís XV a consecuencia dos misteriosos e arrepiantes crimes acaecidos nesta rexión. Así pois, establecemos o noso cuartel xeral na igrexa de Gèvaudan.

A primeira vítima oficial foi unha nena de catorce anos chamada Jeanne Boulet o 30 de xuño de 1764 nas proximidades do pobo de Hubacs. As cifras oficiais que barallamos dende entón ascenden a 116 mortos, pero isto só son as cifras "oficiais". O corpo da rapaza apareceu sen cabeza. Era algo sumamente estraño. A cabeza fora arrancada de raíz, dunha soa mordida. O modus operandi do asasinato do monstro é o seguinte: primeiro arrancalles a cabeza dunha mordida -o cal nos fai pensar que o tamaño da súa mandíbula non é precisamente pequeno-, despois, coas súas afiadas garras extráelles o fígado e outras vísceras.

Nese mesmo verán o monstro acabou coa vida doutras dúas nenas, dous nenos e unha muller de 32 anos.

Pouco a pouco os crimes fóronse incrementando ata alcanzar a cifra de dúas vítimas por semana. Antes de que pasase un ano dende a primeira desafortunada vítima, o monstro de Gèvaudan tiña segado a vida de 54 persoas, 40 delas pertencentes a nenas e xoves. Ao cumprirse un ano, a Coroa interveu mandándonos aquí. Ante os escasos éxitos dos nosos intentos de dar caza ao monstro, a súa Maxestade destinou a esta misión ó arcabuceiro maior, Antoine de Beauternes.

Pouco a pouco, a búsqueda comezou a coller tintes irracionais e de desesperación. O sacerdote de Gèvaudan empezou a dicir dende o púlpito da igrexa do pobo que Deus estaba permitindo ao demo cobrarse as vítimas das mulleres máis lascivas, pero iso non tiña sentido. Non só había mulleres entre as vítimas, se non que tamén nenos e nenas. Esa idea era inconcibible.

Despois, os nobres acusaron aos cingaros itinerantes. Dicían que as bestas dos seus circos escaparan. Máis tarde a culpa recaeu sobre un rapaz chamado Antoine Chastel, que despois de viaxar por África, trouxera a Francia tigres, e demais felinos para amestrar. Presuntamente Chastel tería cruzado algún tipo de felino, e lle tería posto unha coiraza. Esta hipótese nunca puido demostrarse. Todas estas son as teorías que demostra o desesperados que están os habitantes de Gèvaudan. O froito desta desesperación reinante, é o último plan para capturar ao monstro. Só nos queda unha única saída para acabar con esta situación, un cebo.

O tempo estase consumando, dentro de dez minutos sairemos do noso refuxio, á noite, á escura e chuviosa noite.

A tormenta non cesa, continúa descargando a súa ira e a súa furia sobre nós.

Vamos a unha morte segura, pero que podemos facer? Se non facemos nada, o monstro seguirá matando a persoas inocentes.

O tempo xa se consumou, vamos alá.

Abrín a porta, primeiro saíron os nosos homes e despois os cabalos. Os animais, tan pronto cruzaron o limiar do templo, volvéronse tolos, estaban raros. Percibían algo, algo raro. Percibían o cheiro do medo, e o olor do terror, o fedor da morte. Montamos nos cabalos, e o cebo tamén nos acompañou. Collemos as rendas molladas e escorregadizas dos nosos cabalos e puxemos rumbo ao monte. O monte estaba cheo de barro. A escuridade. A escuridade tamén reinaba no monte.

Lúgubre, si, esa era a palabra. As árbores do monte provocaban mil e unha sombras. Mil e unha sombras que facían dese lugar un escenario tétrico e lúgubre. Cando chegaron a un claro, puxeron no medio de dito claro o cebo. O "cebo", era a filla do panadeiro, Ninette Lombard. De complexión pequena, Ninette Lombard tiña dezaseis anos. Cabelos morenos, pel pálida e ollos verdes, dábanlle a Ninette un aspecto de princesa. Descabalgamos e puxémosnos a espreitar. Durante unha hora, pero despois, algo pasou.

Unha respiración ronca e axitada oíase por todos lados, como se foran mil monstros en vez dun. Pouco despois unha néboa espesa e branca que nos impedía vernos os pés, foise concentrando cara o interior do claro e cinxíndose en torno a Ninette Lombard. Un berro da rapaza rompeu o silencio sepulcral da noite. Cando a néboa se evaporou, algo grande, algo moi grande revolvíase no centro do claro.

Era o monstro de Gèvaudan.

O monstro estáballe arrancando a cabeza de raíz a Ninette, e tiñalle metida a cabeza nun burato da barriga da pobre rapaza, coméndolle as vísceras.

-Fogo!!

Todos dispararon contra a criatura, pero as balas escorregaban sobre a súa pel. Entón, o monstro xirouse e puidémolo ver. Ante todo, era moi diferente a calquera lobo. Tiña o lombo raído, cunha longa liña negra que ía do pescozo ata a cola. A cor do seu corpo era avermellada. Xuraría que tiña o morro afiado, unha cola moi longa e forte, extraordinariamente móbil e as súas fauces eran desmesuradas.

O monstro correu cara nós e... en fin, creo que é obvio como acabaron os soldados e os cabalos, ninguén sobreviviu.

Pasaron os anos, e só en 1767 o monstro deixou de matar.

Así pois, o lector preguntárase quen está escribindo esta historia. Eu son, como ben dixen no seu momento, Monsieur de Hamel. Non, non me equivoco, todos morreron, pero Monsieur de Hamel non. Tal vez non morrín porque non son humano.

Conto esta historia para que quede constancia de como empezou todo.

A morte desatouse outra vez. O terror, a morte. Iso que tanto me gusta, volveu. A morte.

A morte volveu. Eu volví. Volví para cazar...

FIN

A REVISTA DE INFANTIL

Día dos Dereitos do Neno.

Como cada ano o 20 de novembro, conmemoramos o Día dos Dereitos do Neno. Durante a semana desenvolvemos actividades encamiñadas a coñecer e valorar cales son os dereitos dos nenos.



Estes son os nosos dereitos.

1. Dereito a ser un neno.
2. Dereito a medrar en liberdade.
3. Dereito a unha identidade.
4. Dereito a saúde.
5. Dereito a cuidados especiais
6. Dereito a unha familia.
7. Dereito a unha boa educación.
8. Dereito a protección e socorro.
9. Dereito a non ser abandonado
nin maltratado
10. Dereito a non ser discrimina

O Magosto

A REVISTA DE INFANTIL

O U T O N O

Chegou o Outono e os nenos e nenas comenzan a decorar o colexio con murais e froitos típicos da estación.



A CASTAÑA

A CASTAÑA SAIU DO OURIZO PARA CELEBRAR



A GRAN FESTA "O MAGOSTO"

os nenos de

Infantil participan en



xogos



populares

Chegou o Nadal

Os nenos de Infantil fixeron unha obra de teatro moi fermosa



"A CARTA OS REIS MAGOS"



Os nenos e nenas pedíronlle os reis Magos moitos desexos e logo cantáronlle unha panxoliña o neno Xesús.

Os reis Magos ían en coche pero chegaron tarde a Belén...



ENTROIDO "OS POBOS DO MUNDO"

MÉXICO



É que viva MÉXICO !!



Este día todos nos disfrazamos de Mexicanos e Mexicanas e desfilamos ata a praza do pobo alí bailamos e disfrutamos da festa logo tomamos o chocolate con churros para rematar pasamo-lo moi ben.

Día do Libro

Os nenos de Educación Infantil fan durante a semana diferentes actividades para conmemorar o DIA DO LIBRO.

Unha das actividades foi facer cada un, un pequeno conto empregando diferentes técnicas plásticas que logo levarían para a súa casa.



Asi quedou o conto



Os nenos estaban moi contentos de como lles quedou o libro despois de tanto traballo .
 Unha letra, unha palabra, unha frase, unha historia, un conto...todo é perfecto para transmitir ilusión pola lectura.
 ¡ FELIZ DIA DO LIBRO!



SAMAÍN



Os nenos de Infantil



preparan o conto



da CABACIÑA



Asi quedou o conto da Cabaciña



**POR UN DÍA CAMBIAMOS O MANDILON
POLO MANDIL**



**VISITA
A
ESCOLA
DE
HOSTELERIA
DE
VILAMARIN**



Hoxe foi un día moi especial



Aprendemos moitas cousas e
estivemos moi atentos.
! Todo era unha novidade!



Agora
todos
coa mans
na masa
preparan
do...



unha base de pizza que ...

que
boa
pinta
ten...



Somos os mellores cociñeiros de CEA e
seremos os futuros PANADEIROS...
¿alguen se quere unir o noso proxecto?

A REVISTA DE INFANTIL

INGREDIENTES
XAMÓN
QUEIXO
ACEITUNAS
CHOURIZO
TOMATE SOLIS
...



TODOS SE PUXERON A
TRABALLAR E CADA UN
ELABOROU A SÚA
PIZZA ...ESTABAN MOI
ILUSIONADOS.



¡QUE BOA PINTA TEÑEN...!



RUBEN ESTÁ
MOI
ILUSIONADO
COA A SÚA
PIZZA E POSA
PARA A FOTO
COMA UN
VERDADEIRO
COCINEIRO...



CRISTIAN E EDI CONCENTRADOS...



DESPOIS DE
FACER AS
PIZZAS FORON
O FORNO E EN
POUCO TEMPO
VOLTARON E
CADA UN
COMEU A SÚA
ESTABA
BOISIMA...



REMATOU A VISITA A ESCOLA DE
HOSTELERIA DE VILAMARIN
QUEDAMOS MOI CONTENTOS COA
EXPERIENCIAVOLTAREMOS